



PROGRAMA

Cociña, música,
cine, fotografía,
arquitectura, teatro,
historia, arte...

LEGER ÁGORA

PRIMAVERA 2018



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
CULTURA



 CORUÑA
PRÓXIMA

COCIÑA

PETISCOS INTERNACIONAIS

Luns, de 10.30 a 12.30 h

Responsable: Rebeca González

Obradoiro culinario que ten como obxectivo coñecer algunhas das cociñas internacionais máis populares. Non só aprenderemos a elaborar algúns dos seus pratos máis coñecidos, en especial os seus aperitivos e entrantes, senón que coñeceremos os ingredientes máis empregados e algunhas outras características da súa cultura gastronómica que nos farán viaxar a outros lugares a través dos sabores, dos aromas e da música.

PINCHOS

Luns, de 18.30 a 20.30 h

Responsable: José Ares

Cociña con produtos de mercado e tendencias actuais, a través dun percorrido polos pinchos e tapas do noso país.

TRASTEANDO POLA COCINA

Martes, de 10.30 a 12.30 h

Responsable: Marta Ramos

Iremos cociñando o que se nos vaia ocorrendo, moitas veces con ingredientes que temos na despensa e outras coa compra fresca.

COCIÑANDO, COCIÑANDO

Martes, de 18.30 a 20.30 h

Responsable: José Ares

A idea deste obradoiro está enfocada a aquelas persoas que queiran adquirir unha idea xeral de produtos e técnicas actuais na cociña, e aprender decoración e estruturado de pratos que lles permitan dar un toque diferente ás súas presentacións, que nos deixarán quedar ante as nosas convidadas e convidados como auténticos profesionais da cociña.

COCIÑAS DO MUNDO

Mércores, de 10.30 a 12.30 h

Responsable: Quique Lema

Paseo culinario polas diferentes cociñas do mundo. Coñeceremos os seus ingredientes, as súas técnicas e algúns dos pratos máis emblemáticos.

Quique Lema, cociñeiro e viaxeiro, abriravos as portas a un mundo gastronómico tan afastado coma próximo. Preparádevos para unha viaxe que percorrerá Francia, México, China, Marrocos, India...

COCIÑA ÁRABE

Mércores, de 18.30 a 20.30 h

Responsable: Halimah Shalabi

As persoas asistentes poderán desfrutar de clases de cociña e receitas tradicionais dos países de Oriente Medio. Así mesmo, tendo en conta a importancia das especias dentro destes menús, poderemos aprender un pouco máis de todas esas especias que se empregan nesta zona.

E QUÉ XANTAMOS HOXE?

Xoves, de 10.30 a 12.30 h

Responsable: Marta Ramos

Pregunta incomoda e ás veces desesperada. Cociñaremos co fin de ter novas ideas para realizarmos unha comida diaria.

COCIÑA DE CASA

Xoves, de 18.30 a 20.30 h

Responsable: Marta Ramos

Receitas de uso familiar, elaboración rápida e sinxela que gustan á familia

CREATIVIDADE AO ALCANCE DE TODOS: APROVEITAR E INNOVAR

Venres, de 10.30 a 12.30 h

Responsable: Patricia Fidalgo

A gañadora do concurso Picadillo 2017 mostraranos as distintas posibilidades dun produto para darnos conta de que coa mesma materia prima podemos chegar tanto a pratos elaborados e innovadores como a preparacións sinxelas e rápidas, mais non por iso menos suxestivas, saborosas e eficaces. Veremos como ser creativo tamén é saber solucionar e improvisar co que temos e saber aproveitar restos para novas creacións distintas e proveitosas. Tentaremos expandir a nosa mente con elaboracións ou adaptacións de distintos países do mundo. Seremos os futuros Picadillo?

SOBREMESAS DELUXE

Venres, de 17.30 a 19.50 h

Responsable: Laura Blanco

Repostería creativa para que calquera persoa afeccionada aos pratos doces poida, con materiais que temos na casa, elaborar cousas sabedoras e moi bonitas e todo iso cos utensilios de cociña que pode haber en calquera casa, sen ter que mercar ningún equipamento profesional!

HISTORIA E ARTE

ARTE E ICONOGRAFÍA

Luns, de 17.00 a 18.30 h

Responsable: Héctor Mosquera

Neste obradoiro descubriremos en que consiste o método iconográfico e de que forma se aplica á comprensión da obra de arte. Seguindo esta aproximación, analizaremos o problema do tempo na pintura renacentista, o programa iconográfico da Capela Sixtina, os motivos extraídos das Metamorfoses de Ovidio e o tema do dobre no Romanticismo.

NOVA ARTIS: ROMA, PARÍS, NOVA YORK, GALICIA

Martes, de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Semente consultoría

Castelao recibe unha bolsa nos anos 20 do século XX para explorar os focos artísticos europeos. Nós utilizaremos ese fio condutor e somerxerémonos na tradición e na vangarda das urbes da arte. Viaxaremos á sinfonía

museística berlinesa, ao clasicismo romano, á ruptura da bohème parisiense que cruza o Atlántico e deriva nas efervescencias finiseculares neoiorquinas, onde coincidiremos con nomes como Paco Leiro ou Manolo Paz.

POR GALICIA ADIANTE CON NOMES E APELIDOS

Xoves, de 19.00 a 20.30 h

Responsables: Semente consultoría e Cía

Por Galicia adiante é unha actividade que convida a facer, dende a aula, un percorrido pola historia e pola arte a través de nomes e apelidos propios, con maiúsculas. Coñeceremos os grandes artifices do noso patrimonio, dende os máis coñecidos a aqueles que quedaron inxustamente relegados: Mestre Mateo, Emilia Pardo Bazán, Asorey, Laxeiro, María Pita... Saltaremos a barreira dos tópicos e introducirémonos na verdade da intrahistoria para saborear a súa creatividade.

CIDADE E CONTORNA

PERSONAXES NA CIDADE

Martes, de 17.00 a 18.30 h.

Responsable: Artestudio

Xestión Cultural

A través do obradoiro coñeceremos diferentes personaxes que naceron, viviron ou simplemente pasearon pola nosa cidade nalguna época, desempeñando un papel relevante no momento histórico que lles tocou vivir. Algúns personaxes son de sobra coñecidos, mais afondaremos na súa relación coa cidade, mentres que algúns serán grandes descoñecidos que nos permitirán pescudar máis historias acerca da Coruña.

A CIDADE E O MAR

Mércores, de 17.00 a 18.30 h

Responsable: Jesús Freire

Análise descritiva das urbes e cidades en que o mar xogou un papel primordial no seu desenvolvemento urbano, a súa fisionomía e o seu patrimonio. Un estudo desde as súas orixes até os nosos días, onde o porto se converteu no motor de crecemento da cidade, transformando ao mesmo tempo o bordo marítimo.

DESCUBRINDO EUROPA: ARQUITECTURA DAS GRANDES URBES EUROPEAS

Xoves, de 17.00 a 18.30 h

Responsable: Félix Huerga

Europa constitúe o berce da cultura occidental. A historia fixo dela testemuña dos grandes movementos culturais e artísticos creados pola humanidade desde tempos clásicos. Para descubriremos todas estas cuestións, tomaremos como referencia a arquitectura das grandes cidades europeas para indagar até poder coñecer todos estes emprazamentos dun xeito global.

UN PASEO POLA CIDADE

Venres, de 10.00 a 11.30 h

Responsable: Artestudio Xestión Cultural

Pasamos moitas veces por lugares emblemáticos da nosa cidade mirando pero sen ver. En cambio, cando viaxamos, intentamos non perder nada daqueles lugares. Por que non facer o mesmo na nosa cidade? A través do obradoiro, achegarémonos á historia coruñesa dunha forma amena, próxima e práctica.

MÚSICA

MÚSICA PARA UN ANO

Venres, de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Halimah Shalabi

A través de música para un ano coñeceremos os ciclos naturais do ano e as pezas da nosa cultura que están en referencia con eles. O Nadal, o Entroido, os Maíos, a Colleita... Cada un destes momentos ou traballos están reflectidos con marabillosas pezas musicais na nosa tradición e as coñeceremos neste obradoiro.

LITERATURA E ESCRITURA

DENTRO DO RELATO

Luns, de 17.30 a 19.00 h

Responsable: Chus Molina

Obradoiro de introdución ao mundo do relato cun dobre obxectivo: ler autores/as relevantes neste xénero e analizar como se escribe un relato. Eminentemente práctico, en cada sesión lerase un relato para despois comentarmos entre todos/as os diversos elementos que contén. Escolleranse textos de autores e autoras moi diversos, desde os mestres e creadores do relato moderno até os máis recentes escritores/as que están a despuntar neste campo, sen nos esquecermos da estrela actual dentro do xénero: o microrrelato.

A VOLTAS COAS PALABRAS

Martes, de 10.30 a 12.00 h

Responsable: Chus Molina

Obradoiro onde se traballa coas palabras desde un punto de vista creativo. A partir dunha serie de pautas, crearemos os nosos propios textos literarios desenvolvendo a nosa creatividade e imaxinación. Á vez que escribimos, iremos aprendendo os diversos elementos e técnicas literarias, compartindo e comentando todos os textos escritos.

ASTRONOMÍA

BAIXO O FIRMAMENTO

Martes, de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Óscar Blanco

Este é o obradoiro perfecto se che apetece recoñecer as constelacións, comprender os movementos da bóveda celeste, saber que é unha estrela, "viaxar" polo Sistema Solar, entender a escala e estrutura do universo etc. Todo iso dun xeito sinxelo, ameno, práctico e moi visual.

HISTORIA DA LITERATURA GALEGA A VISTA DE PAXARO

Martes, de 17.00 a 18.30 h

Responsable: Alberto Pombo

Aproximación lúdica á historia da literatura galega apoiada nos textos poéticos e con frecuentes saltos á historia de Galiza e á literatura comparada (nomeadamente música) que nos axudarán a establecer –dunha forma sinxela, divertida e organizada– unha panorámica da nosa literatura viaxando desde a Idade Media até o século XXI.

OBRAIDROIRO DE ESCRITURA CREATIVA

Venres de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Susana Blanco Miguélez

O obradoiro de escritura creativa é o máis axeitado para iniciarse na práctica da escritura, mais tamén para aqueles con certa experiencia que non acudisen a outros obradoiros e queiran fixar os principios narrativos básicos para crear unha boa historia e tomar conciencia da súa propia escritura.

TEATRO

INTERPRÉTAO

Luns, de 19.15 a 20.45 h

Responsable: GATEA (Laura Sarasola e Kevin Stewart)

Obradoiro de introdución á interpretación para todos os públicos, onde se tratarán distintas disciplinas e técnicas (expresión corporal, improvisación, teatro físico, máscara e teatro clásico e contemporáneo), co obxectivo de que as persoas participantes desenvolvan un coñecemento básico sobre o corpo, a voz, a dicción, o ritmo e o pensamento.

LENDO TEATRO

Martes, de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Vicky Pérez

Obradoiro que pretende achegar o alumnado ao mundo da interpretación actoral, a través da lectura dramatizada de textos teatrais.

TEATRO, XOGO E IMPROVISACIÓN

Martes, de 19.00 a 20.45 h

Responsable: Martín Melinsky

O obradoiro ten como finalidade procurar un crecemento expresivo e persoal, respectando sempre as posibilidades de cada participante, para conseguir o que mellor poida darnos. Achegarémonos ao feito teatral a partir de

xogos corporais, xestuais e dramáticos que nos permitirán abordar personaxes desde o pracer e ter unha representación teatral sen medo.

OBRAIDROIRO DE CLOWN

Xoves, de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Pedro Brandariz

Todas e todos temos un "pallaso" dentro de nós, que nos pode axudar a levar a vida desde un punto de vista máis positivo e optimista. Neste curso, traballaremos sobre as técnicas para atopar o clown, co fin de que cada persoa encontre a súa identidade cómica. Para iso, contaremos cun dos mellores clowns do panorama artístico actual.

O TEATRO: O ESPELLO DA ALMA

Venres, de 18.00 a 19.30 h

Responsable: Marina Rívela

Teatro experimental consciente, cuxa visión acompaña o alumnado para que conecte técnica e espírito. Pensado para persoas con e sen experiencia no escenario, xa que nace da esencia de cada un, do seu propio ser, de respirar e de sentir. Só hai que deixarse levar para traballar mente e corpo, creando poesía no camiñar e na mirada para que flúa todo o noso potencial.

FOTOGRAFÍA

RETOQUE FOTOGRÁFICO DIXITAL

Martes, de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Miryam Pato

Aprenderemos a tratar unha imaxe, mediante un percorrido polas ferramentas do programa de software libre Gimp, así como diferentes técnicas dixitais. Requírese nivel usuario de informática.

FOTOGRAFÍA PARA MÓBILES

Mércores, de 17.00 a 18.30 h

Responsable: Jacobo Ameneiro

A intencionalidade deste curso é dar a posibilidade de desenvolverse creativamente a través do medio fotográfico, sen a ancoraxe que pode producir o uso dos equipos fotográficos máis clásicos.

Na actualidade, todos mobilizámonos e conectamos a través dos nosos teléfonos intelixentes. Estes aparellos acadaron unhas cotas de calidade excelentes non só para

captaren as imaxes senón tamén para a edición e distribuílos a través dos diferentes medios que as redes non proporcionan. É imprescindible smartphone.

FOTOGRAFÍA AVANZADA: PAISAXES FOTOGRÁFICAS

Xoves, de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Cándido Díaz

Obradoiro dirixido a persoas que teñen afianzadas as nocións básicas de fotografía e queren afondar máis nunha mellora e perfeccionamento da súa técnica. Moitas veces temos ante nós estampas e imaxes que queremos inmortalizar. Collemos a cámara e facemos a foto pero o resultado non reflicte o que os nosos ollos están observando. Neste obradoiro, interiorizaremos recursos e técnicas que nos permitan sacarles o máximo partido ás paisaxes que estamos observando e gozando.

LEGER
PRIMAVERA 2018

DEBUXO

ILUSTRANDO MODA

Martes, de 18.00 a 20.00 h

Responsable: Irene Sanjuan

Partiremos dunha breve historia da moda coas súas influencias na artes do cinema, da pintura... para aprender a debuxar estampaxes, tecidos, prendas e complementos, axudándonos de figurinos cando for preciso. Finalmente, chegaremos a crear a nosa propia colección de moda en papel, a través deses debuxos.

APRENDE A DEBUXAR RETRATOS

Xoves, de 18.00 a 20.00 h

Responsable: Juan José Estrada

Este obradoiro é un curso de iniciación ao debuxo baseado na representación do rostro

humano a través das artes plásticas. Cun enfoque teórico-práctico, mediante as técnicas tradicionais do debuxo trataremos de achegarnos aos métodos, aos trucos e aos segredos que nos permitan entender a arte do retrato.

APRENDE A DEBUXAR CARICATURAS

Venres, de 18.00 a 20.00 h

Responsable: Juan José Estrada

Este obradoiro está dirixido á xente que estea disposta a afondar no mundo do debuxo humorístico, con ganas de experimentar. Nas sesións de que se compón o obradoiro, daremos os primeiros pasos de xeito ameno e divertido na descoñecida, enigmática e fermosa arte das caricaturas.

NOVO

MONOGRÁFICO

VIAXE AO FONDO DE XULIO VERNE

Mércores, de 19.00 a 20.30 h

Está o raio verde no solpor, o pisar cada metro cadrado deste estraño mundo, cruzar a pé un continente e a nado un océano, tocar a lúa, tocar o centro da Terra... Poucos autores achegaron tanto ao imaxinario colectivo como Xulio Verne. Pode que ningún. Verne foi como unha especie de irmáns Grimm multiplicado por moito e moito máis xenuíno. A súa influencia chega até tal punto que as súas ideas se fixeron

un pouco de todos e a autoría acabou por se diluír, facendo inabarcable a relevancia real do autor francés.

Trátase dun monográfico que aborda as innumerables caras do prisma que aínda hoxe é Verne.

Cada día faremos unha interpretación do que supuxo Verne, en primeira persoa ou cunha distancia científica, para conformarmos o que os anglosaxóns chaman the *big picture*, unha mirada en perspectiva.

MINDFULNESS

MINDFULNESS I

Mércores, de 17.00 a 18.30 h

Responsable: Eduardo Dopico

A través da meditación con técnicas cognitivas e emocionais, aprenderás a vivir experimentando no momento presente dun xeito relaxado e consciente. Recoñeceremos o funcionamento da nosa mente e reduciremos o fluxo de pensamentos negativos e non desexados. Vivirás no teu corpo e na túa mente dunha forma distinta, máis sa e positiva.

MINDFULNESS II

Mércores, de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Eduardo Dopico

Exclusivamente este é un grupo de continuidade para aquelas persoas que realizaron a iniciación de Mindfulness na temporada de primavera 2017 ou outono 2017 no Centro Ágora. A través da meditación con técnicas cognitivas e emocionais, aprenderás a vivir experimentando no momento presente dun xeito relaxado e consciente. Recoñeceremos o funcionamento da nosa mente e reduciremos o fluxo de pensamentos negativos e non desexados. Vivirás no teu corpo e na túa mente dunha forma distinta, máis sa e positiva.

CINE

MÚSICA E CINE II

Luns, de 17.00 a 18.30 h

Responsable: Antonio Brea

Continuamos coa nosa persoal historia da música e os seus autores máis representativos, e a presenza das súas obras no cine. Percorreremos a música dos séculos XIX e XX, incluíndo as tradicións populares, analizaremos a tradición do cine musical e finalizaremos coñecendo algúns dos máis importantes compositores cinematográficos.

MESTRES/AS DA COMEDIA II

Luns, de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Antonio Brea

A risa continúa a ser o principal obxectivo deste curso, que pretende reivindicar a importancia do bo humor como elemento imprescindible para a vida. Nesta ocasión, repasaremos a comedia cinematográfica

e televisiva dos últimos cincuenta anos, prestando especial atención a Billy Wilder, os Monty Python, Woody Allen, Jerry Lewis, a comedia animada, e remataremos cunha reflexión sobre a influencia dos grandes monologuistas na actual era do post-humor.

CINEMA DA AMÉRICA LATINA

Mércores, de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Martín Pawley

Malia a proximidade lingüística, os cinemas da América Latina son unha materia pendente para a inmensa maioría do público. Ao longo deste obradoiro, repasaremos os fitos do pasado con mestres como Glauber Rocha, Raúl Ruiz ou Leonardo Favio, mais tamén o rico e vivo presente das cinematografías da América Central e do Sur. Ademais, comentaremos a programación das salas da Coruña e analizaremos a actualidade cinematográfica.

NOVO

ACTIVIDADE MOTRIZ

DÁLLE RITMO

Grupo I - martes e xoves, de 9.30 a 10.30 h

Grupo II - martes e xoves, de 10.30 a 11.30 h

Responsable: Artestudio Xestión Cultural

Obradoiro de actividade física para contribuír á mellora da calidade de vida tanto física como psicolóxicamente. Traballaranse desde exercicios de resistencia até exercicios para mellorar a forza e a flexibilidade, todo iso adaptado ao nivel do alumnado e a través de xogos motrices, exercicios de forza, flexibilidade, coordinación, circuítos, estiradas e bailes. Un obradoiro en que traballar a forma física e á vez divertirse.

CORPOR(E)AIS

Mércores, de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Bárbara Monteagudo

Un espazo activo para re-coñecernos e compartir. Mediante xogos, expresión e danza, realizaremos un traballo integral desde dentro (quecements, tonificacións, estiradas) cara a fóra (sensibilidade, xogos grupais, comunicación e escoita).

TODO ESTÁ NOS TEUS PÉS

Grupo I - martes, de 11.30 a 13.00 h

Grupo II - mércores, de 17.15 a 18.45 h

Responsable: Rubén da Silva

Continuación do obradoiro I, para todas aquelas persoas que queiran afondar na reflexoloxía podal máis aló dos seus contidos fundamentais e xerais. Ao ser un obradoiro práctico, é imprescindible traer roupa cómoda.

RECER
PRIMAVERA 2018

CREATIVIDADE MANUAL

MANUALIDADES CREATIVAS

Mércores, de 10.30 a 12.30 h

Responsable: Laura Blanco

Obradoiro que nos introducirá no mundo da reciclaxe e todo tipo de formas de reutilizar e darlles un novo uso ás cousas. As distintas técnicas manuais levarannos a coñecermos e desfrutarmos das máis diversas técnicas de traballo con materiais como o papel, o metal ou cristal.

SOUTACHE

Mércores, de 18.30 a 20.30 h

Responsable: Zeltia Rodríguez Sedes

Técnica onde se combina o Soutache (técnica utilizada en Francia en que se decoraban os traxes de época e os uniformes cun cordón con forma de espiga trenzada) con abelorios que permiten crear unha xoia de bixería totalmente artesanal e cuxo segredo está no gusto de cada persoa ao combinar cores, pedras, perlas... nunha perfecta simetría e unidos con puntadas invisibles ao ollo.

COAS TÚAS MANS

Xoves, de 10.30 a 12.30 h

Responsable: Fina Sedes

Neste obradoiro poderemos escoller entre dúas opcións: aprender a técnica do tapiz ou

iniciarnos no mundo do macramé.

Teceremos un tapiz en que aprenderemos os puntos básicos para nos desenvolvermos nun tear ou aprenderemos a técnica do macramé para realizar xoiaría téxtil; nesta ocasión iniciáremonos no "macramé Cavandoli".

AIRES DE FESTA

Xoves, de 18.30 a 20.30 h

Responsable: Laura Blanco

Que acontecemento especial temos hoxe? Darlle un novo aire á nosa vaixela, preparar unha mesa orixinal, sorprender a familiares e amigos cunha festa temática, saber montar unha mesa doce... todo o necesario para conferirlle un toque distinto e preparar unha celebración perfecta para sorprender os/as nosos/as convidados/as.

ARTESANÍA CON COIRO

Venres, de 18.30 a 20.30 h

Responsable: Patricia Vicente

Obradoiro de continuación e iniciación na artesanía do coiro. Compartiremos un espazo de aprendizaxe da arte e do traballo en coiro. Aprenderemos a facer realidade as nosas creacións, dende a patronaxe ata o corte e unión do "puzzle".

OFERTA ESPECÍFICA +65 ANOS

TONIFICA O TEU CORPO

Grupo I - Luns e mércores, de 9.00 a 10.00 h

Grupo II - Luns e mércores, de 10.00 a 11.00 h

Responsable: Artestudio Xestión Cultural

Obradoiro orientado a persoas maiores de 65 anos que buscan adquirir hábitos saudables de forma amena. A actividade física de intensidade moderada tórnase necesaria e beneficiosa e permítenos estar activos/as.

EXERCITA A TÚA MENTE

Grupo I - Luns e mércores, de 10.00 a 11.00 h

Grupo II - Luns e mércores, de 11.00 a 12.00 h

Responsable: Miriam Dosil

O cerebro é un músculo que debemos adestrar e non hai mellor xeito de facelo que a través de actividades lúdicas, entreteidas e divertidas, e todo iso nun ambiente cordial e familiar. Actividade especialmente indicada para persoas maiores de 65 anos.

VIAXANDO CON MEMORIA

Martes e xoves, de 10.30 a 11.30 h

Responsable: Miriam Dosil

A través de distintas actividades dinámicas e divertidas, coñeceremos e recoñeceremos diferentes vilas, cidades e países, co fin de aproveitarmos os recursos que a mente nos achega. Actividade especialmente indicada para persoas de máis de 65 anos.

ESTIMULACIÓN COGNITIVA

Mércores, de 11.00 a 12.30 h

Responsable: Luna Cánovas

Obradoiro para estimular funcións cognitivas superiores como a memoria, a atención, a percepción visual/auditiva, a psicomotricidade, o razoamento abstracto e a expresión oral e artística.

NOVO

OFERTA ESPECÍFICA PARA NENAS E NENOS

PEQUENOS/AS COCIÑEIRO/AS (10-16 anos)

Sábados, de 11.00 a 13.00 h

Responsables: Laura Blanco e Artestudio Xestión Cultural

Obradoiro de cociña destinado ás e aos máis pequenos, que aprenderán a preparar pratos sinxelos, divertidos, creativos e, sobre todo, moi saborosos pero sempre partindo dunha concienciación en hábitos alimenticios saudables.

XUNTOS AO ÁGORA (6-12 anos)

Sábados, de 11.00 a 13.00 h

Responsables: educadores/as dos campamentos

Proposta de carácter lúdico e compoñente recreativa para favorecer a capacidade de iniciativa colectiva das e dos participantes. A proposta consiste nunha programación específica adaptada ás idades das nenas e nenos, cunha importante compoñente grupal enfocada a través de valores cívicos.

LEGER
PRIMAVERA 2018

CONDICIÓN PARA PARTICIPAR NOS OBRADOIROS DO PROGRAMA DE LECER:

INSCRICIÓN DE CONTINUIDADE:

Os días 8, 9 e 10 de xaneiro na conserxaría do Ágora, de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h. Para formalizar a inscrición, será necesario pagar en efectivo o importe do obradoiro correspondente, ademais de ter asistido a un mínimo do 50% das sesións do outono.

PREINSCRICIÓN:

Os días 11 e 12 de xaneiro, na conserxaría do Ágora, de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h, ou por vía telemática, tal e como se indica na páxina www.coruna.es/cultura. Neste último caso, será recomendable gardar unha copia dixital da inscrición, co fin de corrixir os erros que se puideren producir.

Non se envía número de sorteo por correo electrónico. **O día 15 de xaneiro ás 09.00 horas, publicarase a listaxe das preinscricións telemáticas co seu número de sorteo ordenado por DNI.** De producirse algún erro, coa copia da preinscrición, emendarase. É importante escoller só una das dúas opcións, xa que, en caso de ter preinscricións duplicadas, anularanse.

Todas as preinscricións telemáticas que teñan data de envío anterior ás 9.00 h do día 11 e posterior das 20.00 h do día 12 non serán tramitadas.

Cada solicitante poderá anotar ata catro obradoiros na ficha; deberase ter en conta que na adxudicación respectarase a orde de preferencia fixada pola persoa solicitante e esta non poderá ser modificada unha vez que se realice o sorteo.

Na preinscrición presencial, adxudicaráselle directamente a cada solicitude un número para o sorteo. Na inscrición telemática adxudicarase o número de sorteo ao remate de cada unha das franxas horarias presenciais.

SORTEO PÚBLICO:

Luns 15 de xaneiro, ás 10.00 h, na conserxaría de do Ágora

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS:

As listaxes dos obradoiros adxudicados publicaranse o mércores 17 de xaneiro, a partir das 9.00 h, en Ágora, nas distintas webs municipais de Cultura e no servizo telefónico 010.

A partir do número extraído no sorteo, asignaranse as prazas en cada obradoiro. Outorgaráselle ao maior número de persoas, cando menos, un obradoiro.

INSCRICIÓN:

Os días 17 e 18 de xaneiro na conserxaría de Ágora, de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h. Para formalizar a inscrición, **será necesario pagar en efectivo o importe do obradoiro correspondente.**

As prazas adxudicadas só poderán ser ocupadas polas persoas agraciadas no sorteo. As prazas non pagadas durante estes días adxudicaráselles ás persoas en listaxe de agarda.

LISTAXES DE AGARDA E PRAZAS VACANTES:

As persoas en listaxes de agarda dun obradoiro terán preferencia en ocuparen as prazas non pagadas do dito obradoiro, que serán adxudicadas pola orde do sorteo. Terán preferencia aquelas persoas que non obtivesen ningunha praza.

O día 22 xaneiro, contactaremos vía telefónica só con aquelas persoas que estean nas listaxes de agarda para saber se continúan interesadas en inscribirse nos obradoiros que solicitaran. Realizaranse tres intentos de contacto a diferentes horas, de non conseguir comunicación pasarase á seguinte persoa da listaxe de agarda.

Terán que formalizar a inscrición, pagándoa, o día 23 de xaneiro.

Realizaremos **unha segunda rolda de chamadas o 24 de xaneiro**, e as/os interesadas/os **terán que formalizar a inscrición, pagándoa, o 25 de xaneiro.**

A partir do 26 de xaneiro e despois deste proceso, **o resto das prazas vacantes** poderán ser ocupadas polo público en xeral, que deberá inscribirse e pagalas por orde de chegada, nos horarios indicados anteriormente.

COTA DE INSCRICIÓN: 30 € por obradoiro (maiores de 65 anos: 21 €)

INICIO DOS OBRADOIROS: **A partir do luns 29 de xaneiro**, no día e hora que corresponda.

OS OBRADOIROS SÓ SE PORÁN EN MARCHA CUN MÍNIMO DE 12 PARTICIPANTES.

Radio Ecca é unha fundación sen ánimo de lucro que realiza distintas actividades co obxectivo de elevar a formación cultural e humana do maior número de persoas posibles. Con esta misión sempre presente, propoñémonos ofrecerlles a mellor alternativa de lecer posible para o Fórum e o Centro Ágora. Grazas por formar parte deste proxecto!!

5 ANOS MEDRANDO CON VOS

O PROGRAMA DE LECER DE PRIMAVERA 2018 vén cargado de propostas innovadoras con actividades que impulsan a formación con accións culturalmente enriquecedoras utilizando a cidade e todos os recursos que esta nos ofrece. Busca, á súa vez, o incremento da demanda cultural e o coñecemento da oferta da cidade e promove convivencia e a sociabilidade das persoas participantes. Programa enfocado a persoas maiores de 16 anos, con excepción das actividades específicas para nenas/os e adolescentes.

Lugar da Gramela 17, 15010 A Coruña - forumocio@coruna.es - Tel. 981 189 888

